

Procedementos administrativos para a incorporación de investigadores estranxeiros

A incorporación de investigadores estranxeiros leva aparelada a realización de diversos trámites administrativos. Este documento ten como obxectivo servir como referencia sobre os diferentes trámites a realizar, os prazos de realización e os custos aparelados aos ditos trámites. Os trámites poderían variar en función do país de procedencia do investigador.

Como norma xeral, todo investigador deberá realizar os seguintes trámites:

- Presentación da documentación requirida pola USC
- Tradución xurada dos títulos de Grao/Doutor
- Empadroamento en Compostela
- Solicitud de NIE
- Alta na Seguridade Social
- Apertura de conta bancaria
- Sinatura do contrato laboral coa USC
- Solicitud de médico
- Certificación médica
- Procura de aloxamento
- Outros trámites

Presentación da documentación requirida pola USC

Para poder asinar un contrato laboral, e preciso presentar certa documentación relativa ás titulacións que dan acceso ao contrato. En concreto hai que presentar:

- Se é un título da UE: orixinal e tradución xurada a galego ou castelán.
- Se non é da UE: orixinal e homologación/equivalencia (é suficiente a solicitude máis o xustificante de pago das taxas).

Tradución xurada dos títulos de Grao/Doutor

A USC esixe a tradución xurada dos títulos de grao ou doutor para a formalización do contrato laboral. Non se aceptan traducións de títulos que non estean expedidos na lingua oficial do país de orixe, aínda que sexan títulos oficiais da universidade.

Tamén se poden traducir noutros servizos:

- CARRAIG Linguistic Services, A Coruña. E-mail: carraig@traduccionescarraig.com
- Centro Británico, Santiago de Compostela (de varios idiomas ao inglés e viceversa)

Duración do trámite: aproximadamente dúas semanas para recibir o orixinal traducido.

Importe: 50-55 €

Empadroamento en Santiago de Compostela

Para poder solicitar o NIE é preciso estar empadroado en Santiago de Compostela. No caso de nos dispor de aloxamento no que se poida empadroar (non se pode poñer coma residencia habitual unha residencia do SUR) pode falarse cun compañeiro que lle permita empadroarse no seu piso mentres o investigador non teña un contrato de aluguer. Hai un [modelo de xustificante de residencia do Concello](#) dispoñible para descarga.

Para realizar o trámite hai que acudir á Oficina do Padrón, situada nos baixos do Concello.

Duración do trámite: o empadroamento realízase no momento. Non é precisa cita previa.

Importe: de balde

Solicitud do Número de Identificación para Estranxeiros (NIE)

O NIE solicítase na Comisaria da Policía Nacional. Para poder solicitalo é preciso estar empadroadado en Compostela. Hai que presentar a certificación de empadroamento e o pasaporte ou documento de identidade do país de orixe. Non é preciso solicitar cita previa. Unha vez cubertos os formularios de tramitación, hai que acudir ao banco e pagar unha taxa. O NIE hai que recollelo no prazo de 4-5 días dende a súa tramitación

Duración do trámite: 4-5 días

Importe: 10 € aproximadamente

Alta na Seguridade Social

O investigador pode solicitar a alta na Seguridade Social dende o momento que chega a Compostela. O trámite realízase na oficina da *Tesorería General de la Seguridad Social* situada na Rúa Carlos Briones Varela s/n (zona Galeras). Non é precisa a solicitude de cita previa pero é preciso levar o NIE definitivo, non admiten o provisional.

Duración do trámite: a alta tramítase no momento. Non é precisa cita previa.

Importe: de balde

Apertura de conta bancaria

Para abrir unha conta bancaria nalgunha entidade de Compostela é preciso levar o NIE definitivo.

Duración do trámite: a conta ábrese no momento e non é precisa a solicitude de cita.

Importe: de balde

Sinatura do contrato laboral coa USC

Unha vez obtido o NIE o investigador pode asinar o contrato coa USC. Para poder asinar deberá ter presentado previamente toda a documentación requirida (título, certificación médica...). A USC dará vez para asinar o contrato na Casa da Balconada. O único documento que se pode presentar despois da sinatura do contrato é a certificación médica.

Para a sinatura do contrato é precisa a presentación do modelo 145 de Hacienda, dispoñible para descarga nesta [ligazón](#).

Duración do trámite: a sinatura farase con cita previa

Importe: de balde

Asignación de médico

Unha vez asinado o contrato laboral, o investigador poderá solicitar un médico en algún dos ambulatorios de Compostela. Para facelo, deberá acudir ao ambulatoria que quede máis preto da súa vivenda e solicitalo na área administrativa. Para isto, só é preciso presentar o NIE.

Duración do trámite: tramítase no momento. Non é precisa cita previa.

Importe: de balde

Solicitud de certificación médica

Unha vez asignado un médico de cabeceira, o investigador poderá solicitar cita para revisión e solicitar a expedición dunha certificación que deberá presentar no Servizo de Xestión de Persoal. Para a certificación, deberá mercar nun estanco o formulario oficial.

Tamén se pode solicitar a revisión médica no Servizo de Vixilancia da Saúde da USC. Neste caso, o servizo fará unha revisión completa (análises, electro, probas de oído, vista etc.). A revisión é máis exhaustiva que a realizada na Seguridade Social, se ben os prazos para recibir os resultados e a correspondente certificación son máis longos.

Duración do trámite: na Seguridade Social, a cita soe darse para o día seguinte. Se o investigador opta pola revisión no servizo médico da USC, a cita para a revisión tarda en torno a unha semana e aproximadamente tres máis para recibir os resultados.

Importe: 3,63 € polo formulario oficial para a certificación. De balde no servizo médico da USC.

Procura de aloxamento

Mentres o investigador non atopa piso en Compostela, pode aloxarse nas residencias da USC. Nesta [ligazón](#) atopará a información sobre as diferentes residencias, tarifas etc.

Para a procura de aloxamento definitivo pódese pasar o contacto de diferentes portais web ou de axencias en Compostela.

Portais de procura de pisos:

- www.enalquiler.com
- www.idealista.com
- www.fotocasa.es
- www.milanuncios.com

Axencias inmobiliarias:

- [Julio Gerpe](#)
- [Alvenco](#)
- [Quatrium](#)
- [SV Inmobiliaria](#)
- [Inmobiliaria Rey](#)
- [Avinza Urban](#)
- [Apóstol inmobiliaria](#)
- [Cresal Inmobiliaria](#)

Outros trámites:

- [Cursos de español/galego na USC](#)

A USC conta cunha ampla oferta de cursos de idiomas, impartidos en cursos intensivos semestrais e anuais. Ademais dunha ampla oferta de linguas estranxeiras, o [Centro de Linguas Modernas](#) oferta tamén cursos de [castelán para estranxeiros](#) e de [galego para non galegofalantes](#).

- [Transporte público en Santiago de Compostela](#)

A tarxeta para o transporte público pode mercarse e recargarse en calquera dos autobuses urbanos. As [tarifas](#) van dende os 0,60 € por viaxe empregando os bonos até 1,00 € por viaxe do billete ordinario.

- [Alta dunha liña telefónica](#)

A alta dunha liña telefónica pode facerse en calquera das tendas que as diferentes compañías teñen por toda a cidade. Para a alta só é preciso presentar o NIE e un número de conta bancaria. A alta da liña é instantánea.

Información na USC

- Purificación Franjo Rodríguez, Ext 16254, Servizo de Convocatorias e Recursos Humanos de I+D
- Xosé Antón Romero Banzas, Ext 11255, Balconada, Xestión de Personal
- [Galician Centre for Research Mobility](#) - Esta sección leva todos os casos mentres están no estranxeiro (xestión: trámites, visados...).
- Contratación:
 - Sonia Cordido Méndez, euraxess.usc@usc.es, Ext 12 845, Coordinadora
 - Ángela Lamuño Muñoz, euraxess.usc@usc.es, Ext 11 147, Técnica
- Xestión Académica: Laura, Ext. 14506. Info sobre os requisitos concretos para solicitar a equivalencia do título de doutor/a e contratar os posdoutorais.

Caso predoutoral

Primeiro o persoal do *Galician Centre for Research Mobility* axúdalles cos trámites para poder vir a España. Se é para un contrato, primeiro hai que ter asinada pola OIT a proposta de contratación. Os trámites son algo diferentes se veñen cunha bolsa específica para mestrado ou doutoramento (visa de estudante).

1. Acreditando a solicitude de homologación ante o Ministerio do título preciso, a USC xa permite asinar o contrato.
En principio, con toda a documentación en regra (visados, pasaporte, solicitude de homologación ante o Ministerio...), o Dpto. de Persoal (Balconada) acepta asinar contrato.
2. Unha vez asinado tramítase o permiso de traballo e o contrato queda en suspensión mentres tanto. Este trámite adoita durar un mes.
O permiso concedido será estritamente polo período solicitado, non se "corre cara a adiante" o período por causa da suspensión temporal pero pódese solicitar prórroga.
Se a persoa está xa en España só pode pedilo se é contrato tempo parcial, e deberá achegar horario lectivo e de traballo para demostrar compatibilidade.
Para unha persoa que xa está en España con visado de estudante e queira pasar a visado de traballo para contrato a tempo completo ten que volver ao seu país a solicitalo.
3. Recíbese o permiso de traballo e actívase o contrato.

Caso posdoutoral

Con acreditar a solicitude da equivalencia ante a USC e o pago de taxas, permítenlles asinar o contrato.

- Presentar [solicitude da equivalencia](#), e xustificante de pagar as taxas (114,34€),
- Presentar toda a documentación e orixinais: copia da tese, resumo de 3.000 palabras (en castelán), tradución xurada do título de doutor e do mestrado (Título e Certificación académica).

Nota: Para os títulos tamén aceptan portugués.

Para asinar, en Xestión de Persoal pediránlles acreditar a súa identidade, permiso de residencia/traballo e a homologación/equivalencia (ou a correspondente solicitude) dos títulos requiridos.